



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA

Banda Sinfónica
Municipal de
Ribadeo

Asociación Amadores da Música



BMIMR

Aquí como en Viena

29 de decembro de 2007 • 20:30 h. • Auditorio municipal Hernán Naval

Aquí como en Viena. Baixo este título a Banda Municipal de Ribadeo (BMR) presenta cada ano o seu tradicional concerto de nadal – aninovo, unha humilde imitación do concerto que cada primeiro de xaneiro se celebra en Viena pero noutras datas e cun estilo propio.

Dende que teño uso de razón fágome sempre a mesma pregunta, quen é capaz de erguerse ás oito da mañá do primeiro de xaneiro para ir ver un concerto? Máis incríbel aínda, quen é capaz de erguerse ás oito da mañá do primeiro de xaneiro para ir ver un concerto no que con respecto ao ano anterior pouco máis varía có director da orquestra? Ante a pregunta tan só hai dúas respostas posíbeis: ou é que non hai concerto coma ese no resto do ano en Viena ou é que os vieneses e vienasas non saen en fin de ano. Con respecto á primeira resposta na capital austríaca hai centos de espectáculos de música clásica cada ano polo que sería ben máis fácil botar man do modelo de Ribadeo: celebras o concerto de aninovo o 29 de decembro ou o dous de xaneiro e non hai problema, o mesmo paripé que montas para día un pódelo trasladar a calquera desas dúas xornadas. Aquí nunca, pero nunca fíxense no que lles conto, se nos pasaría polos miolos facelo o un de xaneiro ás oito da mañá. Polo que atinxe á segunda resposta é posíbel que os vieneses que asisten ao concerto de aninovo non sexan dos de saír pola noite. Dáme a min o corpo que son máis estilo cea de ano vello en restaurante de non sei cantos tenedores con baile incluído pero que estes non van ao baile porque a orquestra contratada non é clásica e o máis semellante que toca ao Danubio Azul é o Vals de las mariposas, polo tanto rematan as uvas e botan o café e camiño da casa para preparar o disfrace para o día seguinte. Aló se erguen a primeira hora eles, elas xa non se deitan para peitearse e maquillarse, e saen rumbo ao teatro. Para el, frac estirado de cando pesaba tres ou catro quilos menos acompañado de peiteado cara atrás. Para ela, vestido de non sei cantos volantes aderezado con xoias bañadas en ouro dese de 18 quilates e permanente no pelo. Nada máis entrar no teatro recíbenos os bailaríns – detalle que nos falta en Ribadeo pero do que tomamos nota – e os acomodadores que lles sirven un tentempié – tamén tomamos nota porque aquí como moito dámoslles un caravel, pero prometemos que no concerto de 2008 lles poñemos uns pinchos e un viño para saborear mentres se escoita o concerto. Aló en Viena, mentres no escenario músicos resacosos tratan de encaixar con maior ou menor acerto cada nota no seu sitio e mentres os bailaríns estilo cisne – que aquí tamén nos faltan- danzan ao son dos vales dos Strauss e compañía, o público xoga o seu particular partido de cruce de olladas para ver quen está e quen falta e que leva posto fulanito e que lle falta a menganito. Tan só deteñen ese partido cando o director da orquestra se xira ao respetábel e lle manda batir palmas ao son da Marcha Radetzky.

Para ser concerto, ao de Viena, fáltalle que entre o público haxa un mariñeiro ou un gandeiro e que no vestiario máis cós fracs abunden os pantalóns “estilo Zara” ou as chaquetas de Stradivarius. Cando así sexa ha de ser música.

No nome da Asoc. Amadores da Música e da BMMR, pasade un moi feliz nadal e un venturoso 2008.

programa

PRIMEIRA PARTE

Concerto d'amore	<i>Jacob de Haan</i>
For unto you is born this day <i>Narrador: Miguel Basanta</i>	<i>James L. Hosay</i>
Time to say goodbye <i>Voz: Miguel Basanta</i> <i>Piano: Martín Bucki</i>	<i>Sartori Quarantoto</i>
Concerto di natale	<i>Mauro Salvatore</i>

SEGUNDA PARTE

Fantasia de la ópera “Coppelia”	<i>Leo Delibes</i>
Pizzicato polca	<i>Joh & Jos Strauss</i>
Lyric Waltz <i>Piano: Martín Bucki</i> <i>Acordeón: Dolores Fernández</i>	<i>D. Shostakovich</i>
Danza Húngara nº 5	<i>J. Brahms</i>
The Second waltz	<i>D. Shostakovich</i>
Marcha Radetzky	<i>J. Strauss</i>